

**XOSÉ ANTÓN FIDALGO SANTAMARIÑA**

Sobrado dos Monxes, Coruña, 1946

Doutor en filosofía e Profesor titular de Antropoloxía Social na Universidade de Vigo: Campus de Ourense; é membro da Sección de Etnografía do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos do C.S.I.C e da European Association of

Social Anthropologists (EASA).

Entre as súas publicacións atópase a obra *Antropoloxía de una parroquia rural* (Ourense, 1988), que mereceu o premio Otero Pedrayo 1984, *O Afiador (Ir Indo, 1989)* e as compartidas *Traballos Comunais no mundo rural* (Ourense, 1987) e *Cinco profesións ambulantes ourensáns* (Ourense, 1988).

Fundador do Laboratorio Ourenseño de Antropoloxía Social (LOAS). Dirixe e edita a revista *Cuadernos do Laboratorio Ourenseño de Antropoloxía Social*.



# **O «Barallete»:**

*linguaxe especial de oficio  
dos afiadores ambulantes ourensáns*

*Xosé Antón Fidalgo Santamariña*

## **I- OBXECTIVO DESTE ESTUDIO:**

Non me plantexo nesta colaboración facer unha investigación en detalle do “barallete”, xerga dos afiadores, xabarreadores, viveleiros, xingreiros, follateiros ambulantes e dos seus ‘mutilos’ ou criados, pois non son lingüista nin me considero experto no estudio dos argots e das linguaxes especiais máis modernos. Soamente me propoño contribuir ó mellor coñecemento do papel que ten desempeñado o “barallete”, entre os grupos de afiadores ambulantes tradicionais oriúdos da provincia de Ourense.

Para elo, despois de presentar unhas consideracións xerais sobre as xergas, tentarei trascenderlos ámbitos etnográfico e folclórico desde os que máis frecuentemente se presentan, para facer unha incursión nese mundo interior, sombrío e profundo da modalidade de traballo e de vida deste colectivo de afiadores e

outros ambulantes ourensanos, que foron capaces de crear esta fala orixinal, transmitila entre seus membros e conservala ata que desaparece no decurso do presente século, xunto con aquelas profesións que constituiron a principal razón da súa existencia e permanencia no tempo.

## **II.- ALGO SOBRE OS FALANTES E OS ESTUDIOS DAS XERGAS GALEGAS:**

Galicia preséntasenos como un País no que teñen proliferado colectivos de individuos adicados ó desenvolvemento de numerosas profesións ambulantes que os levaron a percorre-lo interior e o alén do País. Varios destes grupos compartiron durante o período da ambulancia clásica unhas linguaxes especiais de oficio que empregaron dunha forma burloña unhas veces e como mecanismo de autodefensa outras, e sempre dun modo enigmático para

os non iniciados na modalidade de traballo e de vida que os caracterizaba.

Entre as xergas dos ambulantes galegos que máis sona teñen acadado áchase esta do “Barallete” que nos ocupa, característica dos grupos de Afiadores e os outros ambulantes ourensáns citados máis arriba. De arrecadala e de estudiala teñense ocupado varios estudiosos das nosas tradicións e

**Varios destes grupos compartiron durante o período da ambulancia clásica unhas linguaxes especiais de oficio que empregaron dunha forma burloña unhas veces e como mecanismo de autodefensa outras, e sempre dun modo enigmático para os non iniciados na modalidade de traballo e de vida que os caracterizaba.**



*Da análise e recuperación do barallete téñense ocupado varios estudiosos das nosas tradicións e cultura popular, en especial o folclorista Xosé Ramón e Fernández-Oxea.*

cultura popular, en especial o folclorista X. Ramón e Fernández-Oxea (1953: 1969), pero tamén outros como D. Álvarez Álvarez (1965: 175-183) e J. Costa Clavell (1989: 219-31). Eu mesmo me teño ocupado da mesma en algunhas ocasións (Cfr. Fidalgo Santamariña, X. A. e Rodríguez Fernández-Taboadela, 1988: 116-128; Fidalgo Santamariña, 1992). Outra é a o “Verbo dos Arxinas” ou “Latín dos canteiros”, que é a xerga dos grupos de canteiros e picapedreiros galegos, procedentes, na súa maioría, da provincia de Pontevedra. Dela téñense ocupado investigadores e estudiosos interesados por ela, entre os que destacan J. Areas Tejero (c.1810), N. Bezares (1843), D. Álvarez Blázquez (1961: 97-134), V. Lis Quibén (1963: 113-141), A. García Alén (1956: 136-155); 1977: 61-69) C. González Pérez (1983: 107-118). Tamén contamos coa xerga dos cesteiros de Mondariz e parroquias colindantes, laboriosamente recollido e

XOSE RAMON E FERNANDEZ OXEA  
(BEN - CHO - SHEY)

## O BARALLETE

DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE  
CONCELLO DE NOCULIRA DE RAMUIN

inicialmente estudado por E. Peinador Lines (Nós, 1922, n°11: 12, n°13: 15-16, n°14: 18) e F. Bouza-Brey (1954, T.I: 403-435); e está por último a xerga dos telleiros de Tomino chamada “Jalleira”, dada a coñecer, en parte, por J. Alonso Montero (1962) e D. Álvarez Álvarez (1965), e dos telleiros da zona da Guardia (Pontevedra) que dise, tamén, tiñan a súa xerigonza e por non tela recollido seguimos sin coñecer.

Outras xergas coñecidas, propias de colectivos de profesionais oriundos do alén de Galicia son a nomeada “Xiriga” que falaban os telleiros, cesteiros e pedreiros asturianos, o “Bron” dos caldeiros asturianos, a “Tixileira” dos cunqueiros tamén asturianos, que se adicaban á fabricación de cuncas e outros recipientes de madeira; igualmente a “Pantoja” que falaban os canteiros de Trasmiera e seus colegas cántabros, a xerga dos Arrieiros de

‘Quintanar de la Orden’ que conseguiron arrecadar un grupo de estudiosos de esta villa toledana, e o Vocabulario dos picapedreiros portugueses que deron a coñecer, en parte, Abel Viana e López Cardoso.

Se agora tentásemos indaga-la orixe histórica, sexa das máis vellas xergas ou xermanías (do latín “germanus” ‘irmán’) pola especial irmandade en que estaban organizados aqueles grupos que falaban as máis antigas, ou ben destes máis recentes linguaxes especiais de oficio, non nos sería doada a tarefa de determinala. Pero tocante á formación destas xergas máis recentes, sospeito que aquelas formas de vida e costumes dos grupos de personaxes aventureiros, hábiles, enxeñosos e innobles da nosa literatura picaresca, representados tanto no mendigo “Lazarillo de Tormes” (1554) e os pícaros “Guzmán de Alfarache” (1599 e 1604), “Rinconete e Cortadillo”, coma o escudeiro “Marcos de Obregón” (1618), o “Soldado Píndaro” (1626) ou “Don Gregorio Guadaña” (1644), deberon contribuír en certa medida á configuración e propagación destes léxicos xergais creados polos profesionais da ambulancia tradicional galega e doutras áreas xeográficas do Estado. Con todo, deberei apuntar de seguido que a xerga do “Barallete” obxecto da nosa atención, só evoca eses antigos argots ou vocabularios de xermanía que son os que constitúen as xergas por excelencia e, polo tanto, non deberemos confundilo “barallete” con eses antigos e verdadeiros argots dos que




se teñen ocupado de estudar algúns xigantes da literatura española e universal como Cervantes, Quevedo, Lope de Rueda ou Galdós e, sobre todo, os escritores románticos franceses Víctor Hugo, Honoré de Balzac e Eugène Sue, entre outros, pero tamén variados filólogos e lingüistas, como os clásicos do xénero Gaston Esnault, Albert Dauzat e Lazar Sainean, e aínda outros estudiosos da socio-antropoloxía como os italianos Lombroso, Nicéforo, e tamén o español Salillas<sup>1</sup>. Ademais, engadirei ó dito que o “Barallete” semellante ós demais linguaxes especiais de oficio citados máis arriba, tiveron o seu máis fecundo desenvolvemento e papel ó longo do século XIX período no que puxeron en evidencia, unha vez máis e nunha maior proporción que calquera outra lingua ou dialecto do Estado, as forzas creadoras da linguaxe que aparecen depositadas nas clases máis populares. Pero este século XIX que tanto ten visto proliferar e acadar ás xergas nomeadas as máis altas cotas de participación, tamén asiste ó empezo da súa progresiva decadencia que as levou ata a súa desaparición total na actualidade, entre a indiferencia de quen debéramos percurar evitala.

### III.- O PAPEL DO “BARALLETE” ENTRE OS GRUPOS DE AFIADORES AMBULANTES TRADICIONAIS:

O “Barallete” aparece con unha finalidade de servizo entre quen o empregan, e conseguiu manterse no tempo sobre todo pola protección que aporta ós colectivos argóticos. Similar ós vellos e auténticos argots aínda que non debamos confundilo con eles, o “barallete” aparece impregnado desa necesidade e fantasía que fixo posible ser aprendido e reproducido por quen trataron de supera-los problemas de toda índole, relacionados cuns oficios e modalidades de existencia peculiares propias dos variados grupos da ambulancia clásica ourensán: Afiadores ambulantes, paragüeiros, capadores, prateiros, cerralleiros, músicos, mozos de carga, churreiros, xeladeiros, segadores e outros protagonistas da ambulancia tradicional.

Limitándome ó colectivo dos afiadores ambulantes o “barallete” podemos concebilo como unha auténtica barreira protectora da modalida-

**O “barallete” aparece impregnado desa necesidade e fantasía que fixo posible ser aprendido e reproducido por quen trataron de supera-los problemas de toda índole, relacionados cuns oficios e modalidades de existencia peculiares propias dos variados grupos da ambulancia clásica ourensán: Afiadores ambulantes, paragüeiros, capadores, prateiros, cerralleiros, músicos, mozos de carga, churreiros, xeladeiros, segadores e outros protagonistas da ambulancia tradicional.**



1. Ademais das obras citadas dos clásicos españois da literatura picaresca, os que estean interesados nas circunstancias do uso e na natureza, orixe e condicións de formación destes máis vellos argots, atoparán textos e orientacións diversas, de especial interese, nalgunhas obras clásicas do xénero, como por exemplo: HUGO, Víctor: “Le dernier jour d’un condamné”, Nouvel office d’Editions, Paris, 1963; Id: “Les misérables”, Bruxelles, Berboeckhoven, 1862 (versión española: “Los miserables”, Ediciones Zeus, Barcelona, 1963, 5 vol.), BALZAC, Honoré: “La dernière Incarnation de Vautrin”, en “Splendeurs et misères des courtisanes”, T. VI de “La Comédie Humaine”, Gallimard, Paris, 1976-1981, pp. 799-938 (Collection la Pleyade, n° 35), 1952. LOMBROSO, Cesare: “L’Uomo delinquente”, 3 Ed., Torino, 1894. NICEFORO, Alfredo: “Le génie de l’argot. Essai sur les langages spéciaux, les argots et les parlés magiques”, Mercure de France, Paris, 1912. SAINEAN, L.: “L’Argot ancien”, Champion, Paris, 1907. Id: “Les sources de l’argot ancien”, 2 vol. Champion, Paris, 1912. DAUZAT, Albert: “Les argots: caractères, évolution, influence”, Delagrave, Paris, 1955. Id.: “Les argots de métiers franco provençaux”, Edouard Champion éditeur, Paris, 1977. BONILLA AMADO, José: “La jerga del hampa”, Lima. SALILLAS, Rafael: “El delincuente español”, Librería de Victoriano Suárez, Madrid, 1898. BERNALDO DE QUIROS, C.: “Jerga” en “Enciclopedia jurídica española”, T. XIX, Barcelona, 1910, pp. 399.



**O “barallete” podemos concebilo como unha auténtica barreira protectora da modalidade de existencia e traballo que presentan sobre o plano da acción os microgrupos de afiadores tradicionais.**

de de existencia e traballo que presentan sobre o plano da acción os microgrupos de afiadores tradicionais. Esta “linguaxe especial de oficio” que eles empregan alén da comunidade natal, pode concebirse como unha verdadeira arma a utilizar na loita pola vida no medio externo e agresivo, onde se desenvolve o traballo deste colectivo que o fala. Trátase dun vocabulario especial que non xorde espontaneamente, senón de forma claramente intencionada para mellor constituí-la auténtica barreira protectora dos seus propios intereses, e mostrar claramente que este colectivo de profesionais da ambulancia que o fala forma un grupo diferenciado que pensa, sente e xulga de modo diferente á sociedade fronte á que se fala. Elaborado artificialmente, transmitido por vía oral, soamente as xeracións xoves que se van incorporando ó gremio, e celosamente gardado ó longo da historia do colectivo, a xerga está destinada a non ser comprendida pola xente allea á especialidade.

Pulido e perfeccionado nunha época en que a práctica da ambulancia ourensán foi máis prolífica que se corresponde con boa parte da segunda metade do pasado século XIX e da primeira do XX, estes ambulantes *“non soamente o empregan a diario nas súas andanzas polo mundo, senón que tamén o usan ás veces nas conversas cos seus veciños”* (Ramón e Fernández-Oxea, 1969:260). Pero esta utilización da xerga dentro das parroquias de orixe do profesional argótico, aparece como un feito ocasional e limitado a palabras soltas, nas conversas mantidas cos familiares e nas tabernas que frecuentan pola súa localidade, para apostillar algo no xogo de cartas, nas conversas cos veciños e pouco máis<sup>2</sup>. O verdadeiro ámbito de uso do “barallete” é o espacio profesional. Son os lugares de traballo e de descanso nocturno, onde o “barallete” se erixe como un verdadeiro “signum” de diferenciación e afirmación da diferenza deste colectivo ambulante, e de exhibición pública do verdadeiro núcleo identificativo que ofrecen os afiadores ambulantes á sociedade externa que os rodea. Tal como subliña P. Guiraud sobre a esencia do argot en xeral, semellante o que acontece con elas (cfr. Guiraud, 1912), tamén o “barallete” ven a constituir no colectivo dos afiadores tradicionais un singular “signum” identificador de clase, ou de grupo, que estes profesionais ofrecen como o seu auténtico referente identificativo xurdi-

do tanto de motivos profesionais, no senso dado por A. Nicéforo de que *“ocuparse diferentemente é falar diferentemente”* (Nicéforo, 1912:24), como de razóns de tipo biolóxico, isto é, constituír un medio polo que estes profesionais conservan a súa existencia e resisten as presións do mundo exterior en que se moven. Nesta liña de análise, a súa linguaxe de oficio a podemos concebir como esa arma a utilizar por estes profesionais na súa loita pola vida nos espacios de acción profesional. Coa súa creación e perfeccionamento progresivo, os membros da colectividade argótica propóñense non ensaiar novas formas de comunica-lo seu pensamento ós demais, senón polo contrario de ocultárllelo ós estranños.

Sumada a esta función protectora da propia identidade profesional, aparece o seu papel como medio de comunicación interna entre os membros do colectivo. As expresións dos diferentes afiadores informantes que fixeron uso da xerga nas súas saídas profesionais, afirmando de maneiras coma as que seguen: *“falábamolo [o ‘barallete’] para que non nos entenderan os paisanos”, “usábamolo entre nós nas feiras e nas pousadas para que a xente non entendese o que dicíamos”, “o ‘barallete’ falábalo cando non querías que che entendesen, pero sólo entre nós”,* e expresións similares, constitúen outros tantos testemuños do seu papel de mecanismo

2. O trato da poboación sedentaria da localidade de orixe do afiador ambulante (veciños, parentes, esposas, fillos, noivas, etc.) cos afiadores e outros colectivos de ambulantes oriúdos da comarca, facía que esta linguaxe de oficio fora coñecida por gran parte da poboación local, especialmente ata hai algunhas décadas. Pero a súa utilización nestas localidades de orixe era circunstancial e nada relevante.



protector do colectivo argótico fronte á sociedade exterior, así coma do de fonte de comunicación interna dos propios pensamentos, xuízos e desexos ó abrigo dos oídos indiscretos da mesma.

Un terceiro aspecto desta linguaxe especial que debe ser resaltado, é a súa capacidade para facer destes profesionais que o falan un colectivo profesional particular e distinto. Coma calquera outro argot antigo, o “barallete” dispón da suficiente capacidade de diferencia-la colectividade que o fala, a fin de mellor integrar ós

**O verdadeiro ámbito de uso do “barallete” é o espacio profesional. Son os lugares de traballo e de descanso nocturno, onde o “barallete” se erixe como un verdadeiro “signum” de diferenciación e afirmación da diferenza deste colectivo ambulante, e de exhibición pública do verdadeiro núcleo identificativo que ofrecen os afiadores ambulantes á sociedade externa que os rodea.**



seus compoñentes nunha categoría especial de cidadáns afastados dos demais. Sempre que o utiliza para se comunicar con outro, o falante sitúase nun espacio vital novo, separado da sociedade exterior fronte á que o fala, e tamén da poboación do seu territorio natal ante a que non precisa empregalo. Polo tanto, a xerga distanciáraos máis ou menos da sociedade englobante, segundo o estado de antagonismo en que o colectivo que a fala se encontra

con relación a ela<sup>3</sup>. Os que decidan ingresar no colectivo de afiadores ambulantes e pertenceren á denominada por J. Ramón e Fernández-Oxea, a “*gloriosa orde caneante da parafusa*” (Ramón e Fernández-Oxea, 1963: 233), deberán aprender esta linguaxe especial reservada só ós iniciados.

A súa capacidade para facer abandonar á persoa que o fala a súa condición de cidadán normal para mellor quedar incorporado na categoría diferenciada do grupo profesional argótico, aproximando-la xerga ó ámbito en

guaxe secreta propia da nova situación de ambulante, posibilitándolle máis tarde o seu retorno á linguaxe xeral, agora coa conservación da nova linguaxe especial, que utilizará soamente en circunstancias dadas e cuns individuos dados. Así, por medio da súa linguaxe especial de oficio, ó colectivo seralle posible separalos aprendices do seu medio natural, agregalos ó novo medio ambulante e, finalmente, integra-

los de novo no medio xeral, sen que perdan a condición de membros do novo colectivo no que xa se reconecen e se fan coñecer. É sobre todo neste ámbito simbólico máis có

real, que o “barallete” desempeñou o seu mellor papel de “signum” identificativo do colectivo ambulante, de barreira protectora dos seus membros fronte a todo o alleo, de código secreto de expresión e comunicación inter pares, e de verdadeiro medio illante do exterior para mellor constituí-lo seu verdadeiro mecanismo de protección e de loita pola vida, que adquire toda a súa importancia e valor en tanto que “estratexia” para res-

3. Neste feito reside o motivo da desigual utilización do barallete por parte do noso colectivo de afiadores, durante os períodos de permanencia na área de acción profesional e na súa “chaira” natal.




**Elaborado artificialmente, transmitido por vía oral, soamente ás xeracións xoves que se van incorporando ó gremio, e celosamente gardado ó longo da historia do colectivo, a xerga está destinada a non ser comprendida pola xente allea á especialidade**

ponder á dobre tendencia de cohesión interna e de diferenciación colectiva dos membros de cada microgrupo que o fala.

Por outro lado, a citada expresión de A. Nicéforo, *“ocuparse diferentemente é falar diferentemente”*, referida ás linguaxes especiais que el estudia, ben poderíamos tela en conta aquí, engadindo agora que falar diferentemente é tamén pensar, sentir e xulgar diferentemente. De ser certo isto, como penso, unha análise de contido das voces do “barallete” daríanos acceso ó universo de sentimentos, valores, ideais e demais elementos da cultura de oficio, distintivos dos membros do colectivo de afiadores ambulantes tradicionais. Neste plano da análise o vocabulario do “Barallete” convértese nun verdadeiro test proxectivo do microsistema de cultura de oficio do colectivo, merecente de ser analizado prestándolle unha atención que non nos é posible adicarlle aquí.

Irei pondo término a este análise expresando que o descenso continuado do número de afiadores en activo, e os cambios que veo experimentando o desenvolvemento do oficio nas últimas décadas, aparecen como os principais responsables de que os membros actuais deste colectivo de afiadores ambulantes xa prescindiran da utilización desta linguaxe especial que caracterizou a súa forma de comunicarse nas áreas de acción profesional. O descoñecemento desta linguaxe por parte dos profesionais máis novos que continúan o oficio de afiador, e a mínima probabilidade de atopar interlocutores con quen poder empregalo, fixo que a clásica xerga só perdure, na actualidade, nas mentes dos

nosos ex-afiadores e afiadores en activo máis anciáns, e que no campo de traballo o “barallete” fora substituído por ese silencio obrigado que os actuais afiadores solitarios practican. Cando esporadicamente o atopamos traballando e un intenta achegarse a el para conversar “in situ” sobre a actividade, con frecuencia mostráenos reticente nas súas respostas e, en varios casos, puiden comprobálas súas intelixentes evasivas e xeneralidades sobre o actual modo de pór en práctica o oficio, os prezos que asigna ós seus servizos e a súa modalidade de existencia actual sobre os espazos de acción profesional. Descoñecedores da tradicional linguaxe de oficio que os caracterizou durante os tempos máis tra-



*Debuxo de Agustín Portela.*



dicionais, temerosos de calquera novo imposto municipal polo exercicio da súa actividade na rúa, vacilantes perante calquera situación que non sexa unha solicitude dos seus servicios, os novos afiadores solitarios trocan hoxe a vella protección que lles proporcionaba o “barallete”, á que varios deles calificaron de “unha curiosa fala que agora xa non se leva”, por uns comentarios xenéricos, unhas respostas evasivas, ou ben un mutismo prudente, sobre todo aquilo relacionado coa súa vella actividade profesional. Pero o “barallete” mantívose sempre moi lonxe de constituir esa “curiosa linguaxe” sen trascendencia, que varios afiadores lle atribúen na actualidade. O seu papel pode considerarse fun-

damental, especialmente no tempo de maior desenvolvemento da actividade e creatividade argótica que encadraría, en base ós datos que dispoño, entre o período constituído polas tres derradeiras décadas do século XIX e as catro primeiras do actual. Sempre orientado a protexelo “estilo” de vida que imprimen ó seu nomadismo estes profesionais, as formas en que mostran a súa sagacidade e astucia derivadas do prolongado trato con xentes diferentes, a maneira de proxectala súa malicia aguda que tan ben recollen algunhas coplas que circulan sobre eles e, sobre todo, a súa capacidade para converterse nun verdadeiro punto de ancoraxe da propia identidade diferenciada do colec-

tivo que o fala. Todo eso converte a esta peculiar linguaxe de oficio non só no principal mecanismo de defensa e de ataque de que dispón o colectivo no interior da sociedade xeral, senón nun verdadeiro referente identificativo do oficio, un referente auténtico desa identidade centrada nunha forma especial de ve-las cousas e o mundo que os rodea, e nunha avaliación dos feitos e orientación das condutas que sitúan o vello colectivo de afiadores ourensáns nese lugar privilexiado que lle corresponde, no conxunto dos oficios ambulantes tradicionais.

#### BIBLIOGRAFIA USADA NO TEXTO:

- ALONSO MONTERO, J. (1962): “A Jalleira», jerga de los tejeros de Tomiño”, *El Progreso*, Lugo.
- ÁLVAREZ ÁLVAREZ, D. (1965): “El barallete” o el “Latín de los paragüeros. jerga-español”, en “ÁLVAREZ ÁLVAREZ, D.: “Jergas de Galicia. La de Tejeros, Canteros, Albañiles e Paragüeros”, O Tomiño, Pontevedra, Talleres Tipográficos E. Paredes Valdés, 175-183.
- ÁLVAREZ ÁLVAREZ, D. (1965): “«El barallete» o el «Latín de los Paragüeros». Jerga-español”, en *Jergas de Galicia. La de Tejeros, Canteros, Albañiles y Paragüeros*. Talleres Topográficos E. Pérez Valdes, Tomiño-Pontevedra, 49-91.
- ÁLVAREZ ÁLVAREZ, D. (v.o. 1810, 1961): “Vocabulario dos Arginas”, en *Museo de Pontevedra*. Pontevedra, T. XV, 97-134.
- AREAS TEJERO y CORREA, J. (v.o.1810,1961): “Vocabulario dos Arginas”, en *Museo de Pontevedra*. Pontevedra, T. XV, 83-85.
- BALZAC, H. (1952): “La dernière Incarnation de Vautrin”, en *Splendeurs et misères des courtisanes*, T. VI de “La Comédie Humaine”, Gallimard, Paris, 1976-1981, 799-938 (Collection la Pleyade, nº 35).
- BERNALDO DE QUIROS, C. (1910): “Jerga”, *Enciclopedia jurídica española*, T. XIX, Barcelona, 399.
- BEZARES, N. (1843): Latín dos canteiros. Manuscrito, Ms. Bib. Nac. 7209.
- BONILLA AMADO, J. (1898): “«La jerga del hampa», Lima”, en R. SALILLAS: *El delincuente español*, Librería de Victoriano Suárez, Madrid.
- BOUZA BREY, F. (1954): “Os canteiros de Mondariz e a súa fala genial”, en *Homenaje a Fritz Krugler*, 2 tomos, Universidad Nacional de Lugo, Facultad de Filosofía y Letras, “Dr. I. Fernando Cruz”, Mendoza, T. I, 403-435.
- COSTA CLAVELL, J. (1980): “Vocabulario del barallete”, en Id.: *Bandolerismo. Romerías y jergas gallegas*. La Voz de Galicia, A Coruña, 219-231.
- DAUZAT, A. (1955): *Les argots: caractères, évolution, influence*, Delagrave, Paris.
- DAUZAT, A. (1977): *Les argots de métiers franco provençaux*, Edouard Champion éditeur, Paris.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A. (1988): “A fala dos ambulantes ourensáns estudados”, en Id.: *Cinco Profesións ambulantes ourensáns*, Ourense, Caixa Rural Provincial de Ourense, 116-128.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A. (1992): *O Afiador*. Ir Indo, Vigo.
- GARCIA ALÉN, A. (1956): “Vocabulario de los canteiros de Pontevedra”, en *Museo de Pontevedra*. T. X, Separata aparte: Edicións Litoral, Pontevedra.
- GARCIA ALÉN, A. (1977): “Un vocabulario de los Canteiros de Pontevedra”, *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*. T. XXXIII, 61-69
- GIRAUD, P. (1912): “L’argot. Essai sur les langages spéciaux”, Paris, Mercure de France.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1983): “Os zoqueiros”, *Galaecia*, nº34, Santiago de Compostela, 107-118.
- HUGO, V. (1963): “Le dernier jour d’un condamné”, Nouvel office d’Éditions, Paris, 1963; Id.: *Les misérables*, Bruxelles, Berboeckhoven, 1862 (versión española: *Los miserables*, Ediciones Zeus, Barcelona, 1963, 5 vol.).
- LIS QUIBÉN, V. (1963): “La jerga de los canteros de Pontevedra”, *Actas del 10 Congreso de Etnografía y Folclore*, Vol. III, Biblioteca social y corporativa, Lisboa, 113-141.
- LOMBROSO, C. (1894): *L’Uomo delinquente*, 3 Ed., Torino.
- NICEFORO, A. (1912): *Le génie de l’argot. Essai sur les langages spéciaux*, Mercure de France, Paris.
- PEINADOR LINES, E. (1922): “Vocabulario dos cesteiros de Mondariz”, *Nós*, nº 11: 12, nº 13: 15-16, nº 14: 18
- RAMÓN e FERÁNDEZ-OXEA, J.R. (1953): *O barallete*. C. Bermejo impresor, Madrid.
- RAMÓN e FERÁNDEZ-OXEA, J.R. (1969): *Santa Marta de Moreiras*. Edicións do Castro, Sada-A Coruña.
- RAMÓN e FERÁNDEZ-OXEA, J.R. (1953): “O barallete: jerga de los oficios ambulantes de la provincia de Orense”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, T. IX, Cuad. 2º, pp. 185-213.
- RAMÓN e FERÁNDEZ-OXEA, J.R. (1982): “Vocabulario do barallete”, en Id. *Santa Marta de Moreiras*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 267-298 (1ª. ed. Vigo, Ed. Castrelos, 1968).
- SALILLAS, R. (1898): *El delincuente español*, Librería de Victoriano Suárez, Madrid.
- SAINEAN, L. (1907): *L’Argot ancien*, Champion, Paris.
- SAINEAN, L. (1912): *Les sources de l’argot ancien*, 2 vol. Champion, Paris.